



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

26 FEB. 2024 15:01:23

Entrada **13281**

suspensión das peaxes na AP9 no tramo Vilar do Colo - Miño
durante as obras na Ponte de Pedra

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á gratuidade das peaxes do tramo de AP9 Vilar do Colo - Miño durante as obras da Ponte de Pedra entre Pontedeume e Cabanas.**

As obras de rehabilitación da Ponte de Pedra que une Cabanas e Pontedeume pola N-651 están próximas a comezar. Trátase dunha actuación que vai afectar significativamente ás conexións nas comarcas de Eume e Ferrol, pois o tramo de vía afectado non só une dous concellos intimamente ligados en termos sociais, comerciais e de servizos, senón que tamén soporta o tráfico pasante, tanto o procedente da saída da AP9 en Cabanas como o que emprega a N-651 como alternativa libre de peaxe entre as cidades de Ferrol e A Coruña. A Ponte de Pedra é o único cruce sobre o río Eume libre de peaxe até a AG64 nas Pontes, a excepción dunha pequena estrada entre Monfero e A Capela que supón un rodeo de 38 km e que, debido ao seu trazado, non pode ser utilizada por camións.

A fase inicial das obras comezará mañá 27 de febreiro e está previsto que dure tres semanas, tempo durante o cal quedará cortado ao tráfico un dos carrís (total ou parcialmente, por tramos, en función do lugar en que se realicen as catas) quedando regulada a circulación mediante semáforos en ambos sentidos, o que implicará importantes retencións e problemas para a normal circulación do tráfico.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

26 FEB. 2024 15:01:23

Entrada **13281**



A AP9, a Autoestrada do Atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza e tamén na comarca, única alternativa para o tráfico rodado á utilización da N-651, pero trátase dunha vía con portaxes. Unha concesión que foi prorrogada (de forma irregular segundo a UE) en 2000 até o 2048. Así, aínda que o BNG logrou a aplicación de bonificacións que supoñen un importante aforro para as persoas usuarias recorrentes, se as persoas queren evitar o tránsito pola Ponte de pedra e os atascos ou retencións que, seguramente, van producirse, só poden utilizar a AP9 e asumir o pagamento de peaxes.

A solución ao problema pasaría por que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel eliminase as peaxes entre Fene – Miño e Cabanas – Miño, cando menos mentres se desenvolvan as obras na Ponte de Pedra, co obxectivo de aliviar o tráfico de circunvalación ás localidades de Cabanas e Pontedeume, así como o saínte de Cabanas sentido Coruña.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Suspenderá o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel o cobro da peaxe no tramo de AP9 entre Vilar do Colo (Fene) e Miño, cando menos durante a duración das obras, para liberar a Ponte de Pedra de parte do seu tráfico pasante durante a realización das obras?
2. Vai o Ministerio a crear desvíos obrigatorios temporais, que dirixan o tráfico non destinado aos concellos de Cabanas e Pontedeume a empregar o tramo gratuíto de autopista, para deixar a Ponte de Pedra para uso exclusivo do tráfico local entre Cabanas e Pontedeume?
3. Que outras medidas vai adoptar o Ministerio para evitar as retencións de tráfico mentres duren as obras na Ponte de Pedra entre Cabanas e Pontedeume?



4. Avanzará o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel os traballos necesarios para facer efectiva a transferencia da AP9 para incorporala á rede autonómica de estradas, garantindo un mellor funcionamento e a gratuidade completa?

Madrid, a 26 de febreiro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la gratuidad de los peajes del tramo de la AP9 Vilar do Colo - Miño durante las obras da Ponte de Pedra entre Pontedeume y Cabanas.**

Las obras de rehabilitación da Ponte de Pedra que une Cabanas y Pontedeume por la N-651 están próximas a comenzar. Se trata de una actuación que va a afectar significativamente a las conexiones en las comarcas de Eume y Ferrol, pues el tramo de vía afectado no solo une dos Concellos íntimamente ligados en términos sociales, comerciales y de servicios, sino que también soporta el tráfico pasante, tanto el procedente de la salida de la AP9 en Cabanas como el que emplea la N-651 como alternativa libre de peaje entre las ciudades de Ferrol y A Coruña. A Ponte de Pedra es el único cruce sobre el río Eume libre de peaje hasta la AG64 en As Pontes, a excepción de una pequeña carretera entre Monfero y A Capela que supone un rodeo de 38 km y que, debido a su trazado, no puede ser utilizada por camiones.

La fase inicial de las obras comenzará mañana 27 de febrero y está previsto que dure tres semanas, tiempo durante el cual quedará cortado al tráfico uno de los carriles (total o parcialmente, por tramos, en función del lugar en que se realicen las catas) quedando regulada la circulación mediante semáforos en ambos sentidos, lo que implicará importantes retenciones y problemas para la normal circulación del tráfico.



La AP9, la Autopista del Atlántico, es la principal arteria de comunicación de Galicia y también en la comarca, única alternativa para el tráfico rodado a la utilización de la N-651, pero se trata de una vía con peajes. Una concesión que fue prorrogada (de forma irregular segundo a UE) en 2000 hasta el 2048. Así, aunque el BNG logró la aplicación de bonificaciones que suponen un importante ahorro para las personas usuarias recurrentes, si las personas quieren evitar el tránsito por A Ponte de Pedra y los atascos o retenciones que, seguramente, se van a producir, solo pueden utilizar la AP9 y asumir el pago de peajes.

La solución al problema pasaría por que el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible eliminara los peajes entre Fene – Miño y Cabanas – Miño, cuando menos mientras se desarrollen las obras en el Puente de Piedra, con el objetivo de aliviar el tráfico de circunvalación a las localidades de Cabanas y Pontedeume, así como el saliente de Cabanas sentido Coruña.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Suspenderá el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible el cobro del peaje en el tramo de AP9 entre Vilar del Regazo (Fene) y Miño, cuando menos durante la duración de las obras, para liberar A Ponte de Pedra de parte de su tráfico pasante durante la realización de las obras?
2. ¿Va el Ministerio a crear desvíos obligatorios temporales, que dirijan el tráfico no destinado a los ayuntamientos de Cabanas y Pontedeume a emplear el tramo gratuito de autopista, para dejar A Ponte de Pedra para uso exclusivo del tráfico local entre Cabanas y Pontedeume?
3. ¿Qué otras medidas adoptará el Ministerio para evitar las retenciones de tráfico mientras duren las obras en el Puente de Piedra entre Cabanas y Pontedeume?



4. ¿Avanzará el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible los trabajos y negociaciones necesarias para hacer efectiva la transferencia de la AP9 para incorporarla a la red autonómica de carreteras, garantizando un mejor funcionamiento y la gratuidad completa?

Madrid, a 26 de febrero de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso